



Concello da Estrada

ORDENANZA REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, E DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE TALES SERVICIOS

Nº 36

Exposición de Motivos

A Lei 50/1999, de 23 de decembro, dictada ó abeiro do artigo 149.1.29 da Constitución Española, que atribúe ó Estado as competencias en materia de seguridade pública, asigna no Artigo 3º ós Concellos a competencia para conceder a Licencia Administrativa que habilite para a tenencia de animais potencialmente perigosos. Ademais, no seu Artigo 6, establece que en cada Concello existirá un Rexistro de animais potencialmente perigosos.

A Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade impón á súa vez ós Concellos a obriga de recollida dos animais abandonados e no Artigo 27 do Decreto 1537/1998 que a desenvolve obriga a censar a nivel municipal a tódolos animais da especie canina.

A Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolve ambas Leis de forma harmónica, no Decreto 90/2002 é unha das competencias propias que se lle recoñecen no Artigo 3.2 da citada Lei 50/1999 a cuxo amparo se aproba tamén esta Ordenanza.

En consecuencia, e de conformidade coas disposicións citadas, e ó abeiro da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os Artigos 15 e 20 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a Corporación aprobou esta Ordenanza.

Artigo 1. Obxecto

1. É obxecto da presente Ordenanza, a regulación no Concello da Estrada da concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calquera dos animais clasificados como potencialmente perigosos, ós que se refire o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos e das Taxas pola concesión e renovación das Licencias e Inscricións indicadas.
2. Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local, Protección Civil e empresas de seguridade con autorización oficial.



Artigo 2. Definición de Animal Potencialmente Perigoso

1. Consideráanse animais potencialmente perigosos, tódolos que pertencendo á fauna salvaxe, sendo utilizados como animais domésticos, ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan capacidade de causa-la morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos a cousas.
2. En particular terán a cualificación de potencialmente perigosos, os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen pola Comunidade Autónoma de Galicia, en particular os pertencentes á especie canina definidos no Artigo 2.2 do Decreto 90/2002, de 28 de Febreiro, polo que se regula a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos.
3. En todo caso, aqueles cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. Esta agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio, ou previa notificación ou denuncia, e despois dun informe dun adestrador ou veterinario designado ó efecto.

Artigo 3. Licencia Municipal

1. A tenencia no municipio da Estrada de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente Licencia Municipal.
2. Están obrigados á obtención de Licencia Municipal para a tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos os propietarios ou tedores dos mesmos incluídos no Padrón de Habitantes, así como os establecementos ou asociacións, con sede neste municipio, que alberguen animais potencialmente perigosos ós que se refire o Decreto 90/2002 do 28 de febreiro da Comunidade Autónoma Galega e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollida, residencia, centros recreativos e establecementos de venda colocados neste municipio.
3. Os propietarios de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste municipio deberán acreditar, cando se encontren residindo temporalmente no



mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenencia da licenzia no municipio de orixe.

4. Nos casos de inscrición de animais como consecuencia de haber efectuado anteriores ataques a persoas, animais ou cousas, no Concello, unha vez coñecida a resolución ou sentenza, de oficio ou a instancia de calquera interesado directo, e previa tramitación de expediente administrativo con audiencia do interesado, requirirá ó propietario mediante resolución da Alcaldía, ó obxecto de que en prazo dun mes proceda á solicitude de licenzia, efectuándose en caso contrario a retirada e depósito do animal de conformidade co establecido no artigo 9º desta Ordenanza.

Artigo 4. Requisitos para a obtención da licenzia

1. Para a obtención da Licenzia administrativa con destino á tenencia de calquera dos animais clasificados como potencialmente perigosos será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:
 - a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionar-las coidados necesarios ó animal.
 - b) Non haber ter sido condenados por delitos de homicidio, lesións, torturas contra liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenencia de animais potencialmente perigosos.
 - c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das prevista no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999 de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, no seu caso, renovación da licenzia, ter sido sancionado coa suspensión temporal da mesma, sempre que, no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta fose cumprida integramente.
 - d) Dispoñer de certificado de aptitude psicolóxica e de capacidade física para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
 - e) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan causar os seus animais na contía mínima de 125.000 Euros.



Concello da Estrada

2. Os requisitos esixidos deberán manterse vixentes durante todo o período da tenencia do animal; a perda dos mesmos dará lugar á revisión da Licencia nos termos recollidos no artigo 9º desta Ordenanza.
3. No caso de que a Licencia sexa para animais salvaxes en cativeiro, esixirase ademais do previsto no apartado 1 deste artigo, unha memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais conforme ó artigo 3.4 do Decreto 90/2002.

Artigo 5. Vixencia de Licencias

1. As licencias terán unha vixencia de cinco anos, á finalización da que deberán ser obxecto de renovación, debendo acreditarse en cada exercicio, para o seu mantemento a subscrición do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.
2. A condena por calquera dos delitos recollidos no apartado b) do artigo anterior dará lugar á revisión da licencia polo Concello.

Artigo 6. Acreditación

1. A identificación da tenencia da Licencia Municipal de animais potencialmente perigosos acreditarase mediante entrega de certificación relativa á mesma.
2. Por cada can que se posúa, expedirase unha tarxeta identificatoria na que se farán constar os seguintes datos:
 - a) Nº de Microchip.
 - b) Nº de Rexistro Municipal.
 - c) Nome do animal.
 - d) Especie.
 - e) Raza.
 - f) Capa.
 - g) Sexo.
 - h) Data de nacemento.



Concello da Estrada

- i) Enderezo do animal.
- j) Propietario do can.
- k) N° de licencia.
- l) D.N.I.

Artigo 7. Documentación

1. Para a expedición da tarxeta identificatoria de cada can requírase a apartación dos seguintes datos:
 - a) Raza e sexo do animal.
 - b) Ano de nacemento.
 - c) Enderezo habitual do animal.
 - d) Función do animal: se está destinado a convivir cos seres humanos ou se pola contra, ten actividades distintas coma a garda, protección ou outra que se indica.
 - e) Nome do propietario.
 - f) Enderezo do propietario.
 - g) DNI do propietario.
 - h) Nome ou razón social e enderezo do vendedor ou cedente.
 - i) Observacións (características externas identificatorias).
 - j) Aptitude, funcións do animal.
 - k) Certificado sanitario de esterilización se se efectuou a mesma.
 - l) Facturas e xustificante da adquisición.

Os citados datos e, no seu caso, a documentación oportuna, deberá facilitala o adquirente do animal no prazo de quince días a contar dende a súa tenencia efectiva.



Concello da Estrada

2. O certificado de sanidade animal deberá ser expedido polos Servicios Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado.
3. Para a renovación da Licencia Municipal deberá aportarse a seguinte documentación:
 - a) Solicitude de renovación.
 - b) Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil.
 - c) Copia compulsada do certificado médico de sanidade animal efectuado nunha data non anterior a dous meses á da renovación da licencia.
 - d) Xustificante do abono da Taxa Municipal.
 - e) Certificado de capacidade física.
 - f) Certificado de aptitude psicolóxica.

Artigo 8. Órgano Competente para a concesión das Licencias Municipais

As licencias Municipais para a tenencia de animais potencialmente perigosos, se concederán mediante resolución da Alcaldía, previa acreditación da incorporación da documentación esixida na presente ordenanza.

Artigo 9. Revisión, perda de Licencias e depósito de animais

1. A perda de calquera dos requisitos esixidos no artigo 4º desta Ordenanza, dará lugar á revisión das licencias municipais concedidas e a súa retirada previa tramitación de expediente contradictorio.
2. A retirada da licencia dará lugar á perda do dereito á tenencia do animal e a obriga do interesado do proceder, no prazo máximo de dez días a contar dende a recepción do requirimento, a súa entrega e depósito no establecemento adecuado ó efecto ata a obtención da mesma, salvo que o animal sexa obxecto de entrega a outro propietario ou sacrificio nos termos establecidos nos artigos 58,59 e 60 do Decreto 153/1998 da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. En caso de incumprimento da obriga de depósito procederáse á súa execución subsidiaria polo Concello, ou a Comunidade Autónoma, a través



dos seus servicios ou mediante empresa contratada, sendo os gastos que tal actuación ocasiona a cargo e conta do antigo titular da licencia.

4. O Concello poderá retirar dos espazos públicos e depositar de oficio en establecemento adecuado, sen necesidade de previo requirimento, a aqueles animais potencialmente perigosos nos que se aprecie unha situación de abandono ou perigosidade para os usuarios das vías e espazos de uso común ou circulen por estes sen a debida protección ou control do seu propietario ou tedor.
5. Igualmente o Concello poderá retirar e depositar en establecemento adecuado aqueles animais potencialmente perigosos que non dispoñían da correspondente tarxeta de identificación no municipio de orixe ata tanto se acredite tal circunstancia polo titular do mesmo.
6. A falta de licencia municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos dará lugar a un único requirimento municipal para a súa obtención no prazo de dez días e á retirada e depósito dos animais, nos termos establecidos neste artigo.

Artigo 10. Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos

1. Créase o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, cuxo tratamento será informatizado, no que se fará constar con carácter obrigatorio de acordo con Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:
 - a) Código identificador do animal.
 - b) Zona de aplicación.
 - c) Especie.
 - d) Raza. En cruzamento de primeira xeración se especificará as razas de procedencia.
 - e) Sexo.
 - f) Descrición da capa.
 - g) Data de nacemento e nome do animal se fose o caso.
 - h) Dirección habitual do animal.



Concello da Estrada

- i) Outros signos identificatorios non definitivos (tales como unha tatuaxe ou un número de chapa se o animal foi censado nun censo municipal anteriormente).
- j) Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- k) Nome e apelidos do propietario do animal.
- l) Dirección do propietario do animal.
- m) Teléfonos de contacto do propietario do animal.
- n) DNI do propietario do animal.
- o) Nome, dirección, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza a marcaxe.
- p) Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ó propietario.
- q) Data de alta no rexistro.
- r) Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran.
- s) O estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.
- t) Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.
- u) Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.
- v) Datos do centro de adestramento, se fose o caso.



- w) Incidentes de agresión, se fose o caso.
2. Os propietarios dos animais serán os responsables de identifica-los animais e de sufraga-los gastos que esto ocasione, independentemente do lugar de residencia de ditas persoas. A identificación definitiva suporá un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.
 3. O rexistro municipal é un rexistro de carácter público, ó que terán acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes no mesmo. A estes efectos considerarase, en todo caso, interese lexítimo o que ostenta calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características, así como aquelas que sufrisen calquera tipo de agresión polo animal e desexen exercer-las accións correspondentes en calquera vía xurisdiccional, para o que deberán acreditar previamente a interposición da correspondente denuncia.
 4. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos Persoais.

Artigo 11. Inscripción no Rexistro

1. A inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado ou de oficio no seu caso, polo Concello trala concesión da Licencia Municipal regulada no artigo 3º da presente Ordenanza.
2. Non obstante, será igualmente obligatoria a instancia do interesado, a inscrición no rexistro municipal, en sección aberta ó efecto, cando se efectúe o traslado dun animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, debendo proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar dende o inicio da residencia no municipio.
3. Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contrario polo interesado, nos casos de cambio de residencia do titular do mesmo en cuxo caso será preciso a acreditación da obtención da licencia no municipio de orixe anterior, procedendo a renovación da licencia nos casos previstos na presente Ordenanza.



Concello da Estrada

4. Das inscricións que se efectúen no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos darase traslado o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Igualmente nos casos de cambio de residencia dende o municipio sen prexuízo da obriga do interesado de dar conta do traslado do animal, notificarase ó Concello do municipio de nova residencia a titularidade por parte do interesado dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 12. Baixa no Rexistro Municipal de animais potencialmente perigosos

1. A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da venda, traspaso, cesión ou morte do animal.
2. Igualmente procederase á baixa no Rexistro no caso de traslado da residencia do titular do animal a municipio distinto, salvo que o animal permaneza no Concello, e así quede acreditado xa sexa a instancia do interesado ou de oficio polo Concello.
3. Farase figurar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia de recollida dos mesmos da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

Artigo 13. Circulación e permanencia do can en vías públicas e locais

Conforme ó establecido no Artigo 112 apartado 5 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro da Comunidade Autónoma de Galicia, os cans catalogados como potencialmente perigosos terán que circular polas vías públicas e en lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros, provistos da correspondente buceira homologada e adecuada para a súa raza, e en ningún caso, poderán ser conducidos por un menores de 16 anos.

Artigo 14. Infraccións

1. As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.
2. Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves, as previstas no Artigo 13.1 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do Estado, así



Concello da Estrada

como as establecidas no Artigo 22 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Terán a consideración de infraccións administrativas graves, as previstas no Artigo 13.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do Estado, así como as establecidas no Artigo 21 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Son infraccións administrativas leves o incumprimento de calquera das obrigas establecidas nesta Ordenanza, na Lei 50/1999, do 23 de decembro do Estado e na Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia non comprendidas nos parágrafos anteriores e cuxa competencia corresponda ó Concello, conforme ó previsto no Artigo 20.3 a) do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15. Sancións

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas cuxas contías serán as fixadas no Artigo 13.5 da Lei 50/1999 do Estado e no Artigo 24 da Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no Artigo anterior desta Ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

Artigo 16. Responsable

Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión das mesmas, ó propietario ou posuidor dos animais, ou no seu caso, ó titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

Artigo 17. Procedemento Sancionador

O procedemento sancionador aplicable rexerese polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro así como a Lei 30/92 de 26 de novembro e normas de desenvolvemento.



Concello da Estrada

Artigo 18. Exercicio da Potestade Sancionadora

1. Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos Artigos 24.2 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia serán:
 - a) Por infraccións leves, o Alcalde.
 - b) Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.
 - c) Por infraccións moi graves, o Conselleiro de Medio Ambiente.
2. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó Concello.

Non obstante , o Alcalde poñerá en coñecemento de xeito fidedigno, do Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

Artigo 19. Obxecto

De conformidade co disposto nos Artigos 15 ó 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, do Estado, Reguladora das Facendas Locais , establécese a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de Licencia, as súas renovacións, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 20. Feito Impoñible

O feito impoñible da Taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licencia indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se



Concello da Estrada

estabelece e aqueles outros servicios que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

Artigo 21. Suxeito Pasivo

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que solicitan ou resultan afectadas polos epígrafes da Tarifa do artigo 25.
2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación , cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

Artigo 22. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 23. Dereito de percibir

1. O dereito de percibir da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.
2. A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

Artigo 24. Tarifas

1. Licenza de Cans Potencialmente Perigosos	2,35 €
2. Ficha identificatoria individual	de balde
3. Renovación de Licenzas	2,01 €
4. Inscripción no Rexistro A.P.P.	6,72 €
5. Modificacións Rexistras	de balde



Concello da Estrada

6. Cancelación Rexistral	de balde
7. Os actos ós que se refiren os epígrafes 1, 3 e 4, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do Artigo 22, terán un recargo do 50%	

Artigo 25. Ingreso da Taxa

O ingreso da Taxa efectuarase con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 26. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Quedan excluídos da obriga de obtención de licenzia municipal, aqueles exemplares caninos que fosen obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados a guía de persoas invidentes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Diario Oficial correspondente e transcurso do prazo establecido ó artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

Aprobación: Pleno 14.02.2003

Publicación B.O.P.: 06.05.2003

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
2ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
3ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
4ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008



Concello da Estrada